

Procedemento para a emisión do informe de avaliación de méritos docentes na ETSE.

(Aprobado en Xunta de E.T.S.E. o 21 de febreiro de 2008)

- 1.- Os informes sobre a actividade docente realizado por un Profesor, a efectos de solicitude de quinquenios ou para calquera outro fin, serán aprobadas en Xunta de Escola, á vista do informe da Comisión de Titulación correspondente.
- 2.- Para a emisión do seu informe, a Comisión de Titulación terá en conta os seguintes criterios.
 - a) Avaliación da Memoria Docente que, cunha extensión máxima de 5 follas, constará dos seguintes apartados.
 - Informe sobre a actividade docente que incluirá:
 - o Valoración sobre a docencia impartida
 - o Actividades realizadas (visitas técnicas, seminarios...)
 - o Innovacións metodolóxicas
 - o Actividades de coordinación con outros profesores
 - o Outros
 - Actividades de formación pedagóxica (cursos de perfeccionamento, seminarios de innovación...)
 - Participación en órganos e actividades de xestión (pertenza a comisións relacionadas con actividades docentes, asistencia a reunións das titulacións e xuntas de escola, coordinación de intercambios, titorización de prácticas en empresa...)
 - Organización de actividades formativas no contexto da “Aula Profesional” ou outras.
 - b) Enquisas de avaliación da calidade docente no período correspondente ó informe.
 - Como criterio xeral considerarase que para a emisión dun informe positivo a valoración media das enquisas de calidade non debe ser inferior ao 60% do valor medio do correspondente á titulación no período do informe.
- 3.- A Escola fará unha convocatoria ordinaria anualmente na que se establecerá un prazo para que os profesores presenten na Secretaría do Centro a solicitude xunto a Memoria Docente. Asemade emitiranse informes á petición dos interesados, noutros períodos.
- 4) O informe final será valorado como “Moi favorable”, “Favorable” ou “Desfavorable” argumentando, en todo caso, a cualificación.